

Normativa sobre cesión de espazos e equipamento do Ceesg

1. INTRODUCCIÓN

A sede do Ceesg é un espazo aberto e de encontro para a Educación Social, onde se desenvolven non só as tarefas do quefacer cotián do Colexio e as actuacións programadas pola Xunta de Goberno ou os Grupos de Traballo, senón que tamén alberga as actividades de persoas colexiadas e entidades que precisen deste espazo e dos recursos dos que dispón.

2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poden solicitar o préstamo das **instalacións** do Ceesg (sala de usos múltiples): persoas físicas (colexiadas ou non) ou xurídicas.

Poden solicitar o préstamo de **equipamento**: persoas colexiadas do Ceesg que traballen por conta propia e formen parte do listado de profesionais ou empresas de Educación Social publicado na web do Ceesg.

3. CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

Instalacións: a sala de usos múltiples do Ceesg prestarase xunto coas mesas e cadeiras, e con posibilidade de préstamo de proxector, ordenador, rotafolio/encerado, e pantalla electrónica.

Equipamento:

- Carpa (con 4 lonas-paredes e pesos) serigrafiada co logotipo do Ceesg.
- Altofalante portátil (con cable para carga e mando a distancia)
- Micrófonos inalámbricos (2)

4. CONDICIÓN DO PRÉSTAMO

- Non se permite a cesión ou alugueiro a terceiras persoas.
- Non se permitirá a ocupación do espazo por parte dunha persoa ou entidade diferente á que consta no “formulario de solicitude”, así como

tampouco se permitirá a realización dunha actividade diferente á descrita na reserva.

- O equipamento prestado usarase exclusivamente para actividades profesionais de Educación Social, especificadas na solicitude formulada.
- A recollida, devolución e transporte do equipamento corre por conta da persoa beneficiaria.
- A devolución do equipamento farase na data sinalada.
- A persoa ou entidade beneficiaria debe contar cos pertinentes permisos, licencias e seguros para levar a cabo a actividade, así como cun seguro que cubra posibles desperfectos no equipamento ou instalacións. O Ceesg resérvase o dereito de solicitar xustificación documental desta condición.

5. SOLICITUDE

As solicitudes para a utilización dos espazos ou préstamo de equipamento deberán realizarse a través do formulario habilitado para este fin na páxina web do Ceesg.

Deberá presentarse cun mínimo de 15 días de antelación ao inicio da actividade para a que se pretenda usar o espazo.

A Xunta de Goberno do Ceesg ou persoa/área en quen delegue valorará a solicitude, e darase resposta á mesma nun prazo máximo de 4 días hábiles, indicando a aceptación ou denegación do uso de espazos.

Á entrega do equipamento, asinarase o documento anexo por parte da persoa solicitante, no que declara a recepción do material e se compromete a cumprir as condicións establecidas no presente regulamento.

6. PREZOS

A cesión de espazos ten os seguintes custes:

a. Persoas colexiadas:

- Cesión libre para actividades gratuítas desenvolvidas no horario de funcionamento do Ceesg.
- 1 €/hora para actividades gratuítas desenvolvidas fóra do horario de funcionamento do Ceesg.

- 5 €/hora para actividades non gratuítas.

b. Persoas non colexiadas ou entidades:

- 5 €/hora para actividades gratuítas.
- 20 €/hora para actividades non gratuítas.

A persoa ou entidade solicitante comprométese a cingirse aos horarios de funcionamento do Ceesg (apertura, peche, etc.). De ter lugar a actividade en horarios distintos, a persoa ou entidade solicitante podería ter que asumir os gastos derivados das horas extra do persoal e/ou desprazamentos necesarios para a apertura e peche. De darse esta circunstancia, informárase previamente.

O importe deberá abonarse na conta bancaria ES41 -0081 -0499 -6100 -0104 -6708 (Banco Sabadell), como mínimo 4 días antes do inicio da actividade.

7. RESPONSABILIDADES

- A instalación e mantemento do equipamento durante o período de préstamo é responsabilidade da persoa beneficiaria.
- A persoa beneficiaria é responsable da custodia e bo uso do equipamento en préstamo.
- En caso de extravío ou estragos do equipamento prestado ou de algún dos seus accesorios, a persoa beneficiaria é a responsable da reposición dos mesmos. Así mesmo, responsabilízase dos danos que puidesen ocasionarse durante o uso do espazo cedido.

8. NORMAS ADICIONAIS

- En caso de cesión gratuíta das instalacións, deberá constar o logo do Ceesg como entidade colaboradora nos soportes de difusión da actividade.
- Tódalas persoas que queiran facer uso dos espazos do Ceesg aceptan o cumprimento destas normas.

ANEXO

DOCUMENTO DE ENTREGA EN PRÉSTAMO DE MATERIAIS DO COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

A/o abaixo asinante declara ter lido e aceptar as condicións do préstamo de materiais do Ceesg sinaladas ao final do documento.

Así mesmo declara que o material recibido está en óptimas condicións.

Nome e apelidos	
Nº de colexiación	
Material en préstamo	<input type="checkbox"/> Carpa (con 4 lonas-paredes e pesos) <input type="checkbox"/> Altofalante (con cable para carga e mando a distancia) <input type="checkbox"/> Micrófono inalámbrico <input type="checkbox"/> Micrófono inalámbrico
Data de entrega	
Data de devolución	

En Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura:

Condicións do préstamo de materiais
PERSOAS <ul style="list-style-type: none">• Son potenciais beneficiarias/os do servizo de préstamo as persoas colexiadas que traballen por conta propia e formen parte da listaxe de profesionais e empresas de Educación Social publicada na web do Ceesg.
USO <ul style="list-style-type: none">• O material prestado usarase exclusivamente para actividades profesionais de Educación Social, especificadas na solicitude formulada.• Non se permite a cesión ou alugueiro a terceiras persoas.• A recollida, devolución e transporte corre por conta da persoa beneficiaria.• A devolución do equipamento farase na data sinalada.
RESPONSABILIDADES <ul style="list-style-type: none">• A instalación e mantemento do equipamento, durante o período de préstamo, é responsabilidade da persoa ou entidade beneficiaria.• A persoa beneficiaria é responsable da custodia e do bo uso do equipamento en préstamo.• A persoa ou entidade organizadora da actividade debe contar cos pertinentes permisos para levala a cabo, así como cun seguro que cubra posibles danos no equipamento ou instalacións.• En caso de extravío do equipamento prestado ou de algún dos seus accesorios, a persoa ou entidade beneficiaria é a responsable da reposición dos mesmos.• No suposto de non devolver o material emprestado ou que este veña danado ou

defectuoso, correrán a cargo da persoa beneficiaria os custes do arranxo ou da merca do material preciso.

Información básica sobre protección de datos de carácter persoal	
Responsable	Identidade: Colexio de Educadoras e Educadoras Sociais de Galicia / CIF: Q1500270B Dirección: Rúa Lisboa, 20 -baixo C, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña) Teléfono: 981552206 / Correo electrónico: ceesg@ceesg.gal DPO: Cecilia Barros Díaz / Correo electrónico: dpo@protexdat.com
Finalidades	Xestión e control das solicitudes e dos préstamos realizados polo Ceesg.
Lexitimación	RGPD: art. 6.1. Consentimento do interesado, execución de un contrato. LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade de la información e de comercio electrónico
Colectivo	Persoas que soliciten o servizo de préstamos ofrecido polo CEESG.
Categorías de Datos	Datos identificativos, datos profesionais
Cesións	Non haberá outras cesións salvo consentimento expreso, as excepcións previstas pola normativa vixente ou existencia de empresas encargadas do tratamento.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión e dereito ao esquecemento, limitación do tratamento, portabilidade, oposición, reclamación ante a AEPD e non ser obxecto de elaboración de perfíles. Dereito a revocar o consentimento prestado.
Máis info	Pode consultar máis información no CEESG